

Á MESA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

O **Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, núm. 51776 (10/PNC--004143)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral das mulleres galegas, incluída na orde do día da devandita Comisión o día 11 de xullo de 2019.

Emenda número 1 de substitución:

Débese substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

“1. Elaborar un minucioso estudo sobre a situación laboral das mulleres galegas tendo en conta parámetros de afiliación, paro rexistrado, calidade no emprego, retribucións, ocupacións, sinistralidade laboral, etc, así como un estudo sobre o valor do traballo de coidados. Impulsar, con base nesta diagnose previa, plan de igualdade no emprego en Galicia, que substitúa ao Plan Emprega en Feminino, e coa dotación económica suficiente, detallado en cifras e datas, elaborado en conxunto con patronal e sindicatos.

Emenda número 2 de adición:

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:



“5. - Redactar e difundir un monográfico sobre a discriminación salarial e laboral por razón de xénero cada 22 febreiro, Día para a igualdade salarial entre mulleres e homes.”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira,

Voceiro do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/07/2019 13:18:19

Luis Villares Naveira na data 10/07/2019 13:18:35



Á MESA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

O Grupo Parlamentario Mixto a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, núm. 51761 (10/PNC--004140)**, incluída na orde do día da devandita Comisión o día 11 de xullo de 2019.

Emenda número 1 de adición:

Débense engadir dous novos puntos co seguinte texto:

“- Elaborar, no prazo de 6 meses, un estudo específico sobre a situación laboral e a sociosanitaria nos centros de maiores galegos.

- Aumentar o número de persoal da Inspección dos Servizos Sociais e aumentar as inspeccións, procedendo a aplicar as sancións cando proceda.”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira,

Voceiro do G.P. Mixto





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/07/2019 13:16:47

Luis Villares Naveira na data 10/07/2019 13:17:35



Á MESA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

O **Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea núm. 47300 (10/PNC--003818)**, incluída na orde do día da devandita Comisión o día 11 de xullo de 2019.

Emenda número 1 de substitución:

Débase substituír o texto do punto 2 polo seguinte:

“2. - Elaborar un inventario de máquinas expendedoras en centros educativos e regular a presenza destas nos mesmos, apostando por máquinas expendedoras que ofrezan produtos saudables e por retirar alimentos lixo.”

Emenda número 2 de adición:

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

“- Recuperar a xestión pública directa dos comedores escolares e ofrecer un plan saudable de comidas.”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019.



Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira,

Voceiro do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/07/2019 13:26:45

Luis Villares Naveira na data 10/07/2019 13:26:58



Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a elaboración polo Goberno galego, en colaboración coa Fegamp, dun plan coa dotación orzamentaria necesaria para abordar a situación dos problemas nutricionais na infancia e adolescencia, así como a retirada da comida lixo dos centros educativos de Galicia (10/PNC-003818, doc. núm. 47300).

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Elaborar un estudo sobre o tipo de alimentación dispoñible en todos os formatos de venda nos centros educativos de Galicia.
- 2) Diseñar un plan galego, que conte con orzamento suficiente para abordar a situación de problemas nutricionais na infancia e adolescencia.
- 3) Promover a alimentación saudable nos centros educativos de Galicia, fomentando a presenza de alimentación saudable e evitando a que non cumpra ese criterio.”

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52483
Data envío: 10/07/2019 14:10:30.177

Julio Torrado Quintela na data 10/07/2019 14:09:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/07/2019 14:09:46



Á MESA DA COMISIÓN 5ª.

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 51761, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal dos centros residenciais para persoas maiores e dependentes que prestan servizos en réxime de concesión para a Xunta de Galicia e, en particular a do centro de Ribadumia, así como a conflictividade existente, incluída na orde do día da Comisión 5ª do 11 de xullo de 2019. (10/PNC-004140).

EMENDA DE ADICIÓN

Debe engadirse o seguinte punto na parte resolutiva:

- Emitir un informe da situación dos concertos coas residencias de maiores e centros de día coa finalidade de planificar os recursos públicos necesarios para poder prestar este servizo desde a Administración autonómica.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Manuel Lago Peñas

Portavoz do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/07/2019 15:46:31

José Manuel Lago Peñas na data 10/07/2019 15:46:45



Á MESA DA COMISIÓN 5.^a

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á proposición non de lei, doc. núm. 51776, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral das mulleres galegas, incluída na orde do da sesión que esta Comisión vai celebrar o 11 de xullo de 2019. (10/PNC-004143).

EMENDA DE ADICIÓN

Engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:

- Dar cumprimento do acordo parlamentario do 28 de decembro do 2016 para lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020
- Levar adiante un plan para fomentar a implantación e cumprimento dos Plans de Igualdade no conxunto das empresas antes do ano 2020.
- Implantar, no marco das súas competencias, os permisos de maternidade e paternidade iguais, intransferibles e remunerados ao 100%.
- Presentar, no primeiro semestre do 2020, un plan acompañado de orzamento suficiente para a construción e posta en marcha de escolas de 0 a 3 anos, de xeito que se garanta a súa gratuidade.

Instar ao Goberno do Estado para levar a cabo as seguintes medidas:

1. Mudar a regulación do traballo a tempo parcial para facela máis garantista, derogando as últimas reformas laborais.





2. Impulsar a transparencia na información que deben dar as empresas sobre os soldos das traballadoras e traballadores, tendo que publicar as retribucións completas (salario base e complementos) de mulleres e homes.

Establecer a revalorización das pensións segundo ao IPC por Lei.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Manuel Lago Peñas

Portavoz do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/07/2019 15:58:34

José Manuel Lago Peñas na data 10/07/2019 15:58:46



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez Arias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-003716 (46288)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación de novos puntos de encontro familiar, en particular nas comarcas do Salnés e do Morrazo, así como a xestión deste tipo de centros e o seu mantemento

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar coa mellora dos 7 Puntos de Encontro Familiar e impulsar a creación de novos Puntos que faciliten a todas as persoas, independentemente do seu lugar de residencia, o acceso a estes servizos con facilidade, prestando especial atención á situación que existe no rural.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 10/07/2019 17:37:39
Nº Rexistro: 52492
Data envío: 10/07/2019 17:37:39.844

Pedro Puy Fraga na data 10/07/2019 17:34:54

Marta Rodriguez Arias na data 10/07/2019 17:35:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROgleNFikXj5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa da Comisión 5ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación de novos puntos de encontro familiar, en particular nas comarcas do Salnés e do Morrazo, así como a xestión deste tipo de centros e o seu mantemento (doc. núm. 46288).

Emenda de modificación

O punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

1. Impulsar a creación de novos PEF en toda Galicia, garantindo a presenza de, polo menos, un por comarca, e buscando o modo para que de xeito progresivo se poñan a dispor os recursos económicos e humanos necesarios que permitan que estes centros sexan prioritariamente públicos e de xestión directa.

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para o punto 5 da parte resolutiva da iniciativa:

5. Impulsar, cando menos, a creación dun Punto de Encontro Familiar na comarca do Salnés, e outro na comarca do Morrazo, buscando o punto máis axeitado, en colaboración cos concellos aos que daría cobertura, e garantindo os servizos de neutralidade e seguridade para todas as persoas usuarias.

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 10/07/2019 17:32:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/07/2019 17:32:48



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral das mulleres galegas (doc. núm. 51776).

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para o punto 1 da parte resolutiva da iniciativa:

1. Elaborar un minucioso estudo sobre a situación laboral das mulleres galegas en colaboración cos sindicatos máis representativos de Galicia, e impulsar as medidas necesarias, coa dotación económica precisa, que aborden as carencias que se detecten no informe, de cara a fomentar un emprego estable e de calidade para as mulleres.

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 10/07/2019 17:41:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/07/2019 17:41:49

